

CURSO DE FORMACIÓN DE MEDIADORES EN SENSIBILIZACIÓN E EDUCACIÓN VIARIA

Obxectivo

Formar a mediadores en sensibilización e educación viaria.

Persoal ao que vai dirixido

Informadores xuvenís da Rede Galega de Información xuvenil, persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e aquelas persoas que traballan ou teñen formación no ámbito da Xuventude.

Criterios de selección.

Terán prioridade por este orde: o persoal da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, os informadores xuvenís, os dinamizadores xuvenís, o persoal dos centros Quérote+ e titulados ou estudantes do Master universitario de Xuventude e Sociedade. Dentro de cada colectivo terá preferencia a orde de inscrición.

Desenvolvemento do curso.

O curso ten un carácter teórico-práctico. A parte teórica é de 20 horas presenciais obrigatorias. A parte práctica consistirá na impartición dun curso ou obradoiros de sensibilización e educación vial dirixido a xuventude, de 10 horas de duración.

É obrigatoria a asistencia e puntualidade a todas as sesións presenciais do curso. As persoas que falten máis do 10% das clases teóricas daráselle de baixa no curso, coa correspondente penalización nos cursos de formación cos criterios que utiliza a EGAP.

A asistencia a este curso será gratuíta para as alumnas e alumnos seleccionados, e como parte práctica estarán obrigados a organizar e impartir un curso dirixido a mocidade no seu ámbito de interevención (OMIX, Espazo Xove) ou onde lle asine a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, sin supoñer ningún custo para o/a alumno/a.

A valoración da parte práctica será a avaliación feita polos alumnos/as que asistan ao curso organizado polos futuros mediadores de prácticas e a dun profesional da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado. Os alumnos destes cursos, así como o profesional da DXXV recibirán unha folla avaliativa que puntuarán de 1 a 5. O alumno-mediador de prácticas necesita unha cualificación final mínima dun 3 para considerarselle superadas as prácticas e obter o certificado de mediador en sensibilización e educación viaria.

Duración: 30 horas teórico-práctico.

Lugar e datas: A parte teórica do curso desenvolverase no Centro Coordinador de Información e Documentación Xuvenil en Santiago de Compostela, os días 14, 16, 21 23 e 28 de maio de 2012.

Horario: 10.00 a 14.00 h.

Nº de prazas: 30.

Contidos

Educación viaria .

1. Introducción á educación viaria
 - 1.1. Concepto e obxectivos
 - 1.2. A educación viaria no sistema educativo
 - 1.3. A educación non formal e informal

2. *Axentes educadores*
 - 2.1. O entorno familiar e escolar
 - 2.2. Os axentes sociais

3. *Intervencións de educación viaria coa mocidade*
 - 3.1. Características psicosociais
 - 3.2. Factores de risco na conducción: velocidade, alcol e drogas
 - 3.3. Estratexias de intervención sobre factores de risco

4. *Actividades lúdicas e formativas nos campamentos*
 - 4.1. Esquema para a elaboración dun proxecto
 - 4.2. Obradoiros e xogos

5. *Recursos dispoñibles*
 - 5.1. Recursos humanos
 - 5.2. Recursos materiais elaborados pola Dirección Xeral de Tráfico
 - 5.3. Portal de educación viaria da Dirección Xeral de Tráfico
 - 5.4. Portal da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria Eucirculo

Solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes rematará o próximo 16 de abril as 14.00 horas.

As solicitudes de admisión ao curso realizaranse a través portal www.xuventude.net

Certificacións.

O alumno/a que asista a todas as sesión do curso e supere a parte práctica obterá un certificado asinado pola Xefatura Provincial de Tráfico e pola Dirección Xeral de Xuventude.